



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Acordo do pleno do Concello de Cee polo que se aproba inicialmente a modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos de Cee. Expediente nº 2025/G016/000001

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee en sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2025, acordou a aprobación inicial da “MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVICIOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE CEE”.

Someter dita aprobación inicial a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto no portal web do Concello [*dirección <https://cee.gal>*] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

En Cee a 1 de setembro de 2025.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

2025/5724